BOLETÍN SETEMBRO 2026

ÍNDICE

XORNADAS SETEMBRO 2026

- Visita Institucional Ourense
- Xornada Divulgativa Mondoñedo

NOVAS SETEMBRO 2026

- Pont-Up Store
- Mesa do Emprego Autónomo
- 140º Aniversario da Cámara

FORMACIÓN SETEMBRO 2026

- Curso PRL Emerxencias e Loita contra incendios
- Curso PRL Carretilla Elevadora
- Curso PRL Plataforma Elevadora
- Xornadas PRL Online

EUSUMO:

- Curso Xestión de Contidos Dixitais en Cooperativas
- Curso Xestión Empresarial en Cooperativas
- Curso Marketing Básico en Medios Sociais
- Fomento e Promoción do Traballo Autónomo en Economía Social

BOLETÍN SETEMBRO 2026

XORNADAS

VISITA INSTITUCIONAL A OURENSE

O presidente de **APE Galicia**, **José Ramón Caldas Martínez** e **Silvia Crespo**, acompañaron á secretaria xeral de Emprego nunha xornada para coñecer de preto a realidade empresarial da provincia de Ourense.

Visitaron Bermello, unha empresa familiar que xa vai pola terceira xeración e que soubo combinar o comercio de sempre coa venda en liña e adaptarse aos novos hábitos de consumo.

Tamén estiveron en Ociosaugal Animación e Deporte, un proxecto novo que atopou no deporte, no lecer e na conciliación unha oportunidade para emprender e xerar actividade en distintos concellos.

XORNADA DIVULGATIVA MONDOÑEDO

APE Galicia impulsa en **Mondoñedo** o emprendemento e a remuda xeracional dos pequenos negocios.

O pasado 21 de setembro, APE Galicia organizou en Mondoñedo unha xornada dedicada ao emprendemento, á remuda xeracional e ás oportunidades de crecemento do traballo autónomo no territorio.

O encontro contou coa participación de representantes institucionais, persoal técnico e emprendedoras, abordando cuestións como o Campus Formativo do Emprego Autónomo, a preparación das axudas de 2027 e a continuidade dos pequenos negocios.

Un dos puntos destacados foi a participación do Polo de Emprendemento de Mondoñedo, que presta servizo a 18 concellos da Mariña e da Terra Chá. A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, e o técnico do Polo, Francisco Lago, destacaron o papel da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego no acompañamento de novos proxectos, na detección de negocios que precisan relevo e na conexión con persoas interesadas en emprender.

A xornada incluíu tamén as experiencias das emprendedoras Sonia Fuentes Sión e Pilar Orol, que compartiron os seus retos e perspectivas de crecemento.

O encontro, no que participou o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, concluíu coa intervención da secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais, Susana Pérez, reafirmando a importancia da colaboración institucional para favorecer a continuidade empresarial, impulsar o emprendemento e xerar emprego no rural galego.

BOLETÍN SETEMBRO 2026

NOVAS

PONT UP STORE

APE Galicia estivo presente no **Pont-Up Store** cun stand institucional durante dúas xornadas marcadas polo emprendemento, as novas iniciativas empresariais e o contacto directo cos autónomos e futuros emprendedores.

O espazo recibiu tamén alumnado de Formación Profesional con interese e curiosidade por coñecer mellor o emprendemento como posible saída profesional.

A presenza no Pont-Up Store permitiu tamén compartir xornada coa directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, **Marta Mariño**, e co director xeral de Comercio e Consumo, **Gabriel Alén**, aos que APE Galicia acompañou na súa visita aos diferentes stands participantes no certame.

MESA DO EMPREGO AUTÓNOMO

APE Galicia participou, xunto con outras principais organizacións representativas do traballo por conta propia en Galicia, nunha nova reunión da Mesa do Emprego **Autónomo de Galicia**.
Esta reunión estivo presidida pola secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais, Susana Pérez Iglesias.

Durante a reunión, avaliouse a orde unificada para persoas traballadoras autónomas, cuxo prazo de solicitude finalizou o 30 de setembro e á que este ano a Xunta destina preto de 41 M€. A convocatoria reúne cinco liñas específicas de apoio, que inclúen a cota cero e o apoio ao inicio da actividade, o Bono Autónomo, o programa de Nova Oportunidade, o Bono Remuda e as axudas á conciliación. Na reunión tamén se abordaron as necesidades de formación deste colectivo, así como outros retos clave para o sector, entre eles o relevo xeracional.

140° ANIVERSARIO DA CÁMARA

APE Galicia participou o pasado 23 de setembro na celebración do **140° aniversario da Cámara de Comercio** de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa, unha data moi especial para unha institución que leva máis dun século acompañando a evolución do tecido empresarial da nosa provincia.

A Asociación quixo estar presente e acompañar ao seu presidente, **José García Costas**, nun día especialmente emotivo para el, no que recibiu a **Medalla de Ouro da Orde da Cámara de Comercio de España**, da man do seu presidente José Luis Bonet.

BOLETÍN SETEMBRO 2026

CURSOS

APE Galicia continúa apostando pola formación en Prevención de Riscos Laborais coa importación de novos cursos gratuítos e subvencionados pola **Xunta de Galicia**:

CURSO PRL CARRETILLA ELEVADORA

APE Galicia, en colaboración con **Grupo Isonor**, organizou un curso gratuito de **Carretilla Elevadora** en modalidade mixta, tendo lugar a parte teórica o 11 de setembro e a presencial o 19 de setembro.

Esta formación permitiu que os participantes adquirisen os coñecementos e as habilidades necesarias para o manexo seguro da carretilla elevadora, obtendo así un certificado acreditativo para a mellora da súa cualificación profesional.

CURSO PRL PLATAFORMA ELEVADORA

O pasado 18 de setembro comezou un novo curso de **plataforma elevadora.**

A parte teorica foi celebrada o 26 de setembro, reforzando asi os coñocementos necesarios para un manexo seguro destes equipos.

CURSO PRL EMERXENCIAS E LOITA CONTRA INCENDIOS

O mes de setembro concluíu cunha formacion en **Emerxencias e Loita contra incendios**, celebrada en diferentes cidades galegas.

As partes teóricas destes cursos comezaron o día 8 en Ferrol, o 19 en Pontevedra e o 25 en Ourense

Durante a parte presencial, celebrada os días 18, o 28 e o 5 de outubro respectivamente, os participantes adquiriron coñecementos básicos para actuar ante diferentes situacións de emerxencia, así como nocións sobre prevención, evacuación e actuación ante incendios.

BOLETÍN SETEMBRO 2026

CURSOS

XORNADA ONLINE RISCOS LABORAIS DERIVADOS DA PRESENCIA DO RADÓN

Este encontro, que tivo lugar o día 10 de setembro, estivo dirixido a profesionais da prevención, responsables de PRL, técnicos/as de seguridade e saúde, así como a todas as persoas interesadas en incorporar a Intelixencia Artificial na xestión preventiva das empresas.

XORNADA ONLINE: OBRIGAS E SANCIÓNS DAS PEMES E AUTÓNOMOS EN MATERIA DE PRL

Esta xornada celebrouse o 25 de setembro, e nela déronse a coñecer as principais obrigas en prevencións de riscos laborais que deben cumprir as pemes e persoas autónomas, así como as responsabilidades e as posibles sancións derivadas do seu incumprimento.

XORNADA ONLINE: IA APLICADA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O 17 de setembro celebrouse esta xornada na que se abordaron os principais riscos asociados a exposición ao radon no ámbito laboral, así como as medidas de prevención e as obrigas que deben ter en conta empresas e persoas traballadoras.



Durante o mes de setembro, **APE Galicia** levou a cabo 4 accions formativas no marco do **Plan EUSUMO:**

XESTIÓN DE CONTIDOS DIXITAIS EN COOPERATIVAS
XESTIÓN EMPRESARIAL EN COOPERATIVAS

Ambos os cursos comezaron o día 7 de setembro e contaron cun elevado número de inscricións.

FOMENTO E PROMOCIÓN DO TRABALLO AUTÓNOMO NA ECONOMÍA SOCIAL
MARKETING BÁSICO EN MEDIOS SOCIAIS

Estes cursos tiveron lugar o 21 de setembro